

# LUGARES DE NOVELA

Un obradoiro de literatura coordinado por Javier Pintor na FUNDACIÓN



LUIS SEOANE

Presentación

xoves 26 de setembro, 19:00 horas.

O autor e a súa obra. Conversa con Elena Ramirez, directora editorial de Seix Barral

Auditorio. Entrada libre

# Paul Auster



Paul Auster

Autor fundamental da literatura norteamericana do século XX, Paul Auster é un dos escritores máis admirados e seguidos por varias xeracións de lectores. A súa produción percorre todos os xéneros, desde a poesía ao ensaio, as memorias, a novela e os guións cinematográficos. Nova York é un personaxe fundamental na súa obra, co barrio de Brooklyn como protagonista de varias das súas historias, que nos achegan a vitalidade e diversidade desta cidade coa que Auster se mimetiza. O sentido da vida, a amizade, o amor, a soidade, o azar, os xogos metaliterarios e as referencias ás obras mestras da literatura están tamén moi presentes no seu traballo. Neste obradoiro achegarémonos á obra dun autor considerado xa como un clásico da literatura universal a través dunha selección de lecturas.

## Obras seleccionadas

Diario de inverno | Trilogía de Nueva York | El palacio de la luna | La música del azar | El libro de las ilusiones  
Brooklyn Follies | Sunset Park | Baumgartner

## Datas

GRUPO MARTES Outubro: 1, 15, 29 | Novembro: 12, 26 Decembro: 10

GRUPO XOVES Outubro: 3, 17, 31 | Novembro: 14, 28 Decembro: 12

MATRÍCULA: 75 €

## Javier Pintor

Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, é profesor de lingua e literatura española.

Desde fai varios anos compatibiliza o seu traballo de formador impartindo cursos, conferencias, obradoiros e organizando eventos culturais. Colabora escribindo recensións en varios medios e coordinando diferentes revistas de ámbito educativo.

## Formulario de inscrición

Nome e apelidos

Enderezo

Correo electrónico

Por favor, envíe este formulario cumprimentado cos seus datos xunto co xustificante de pago ao enderezo [info@fundacionluisseoane.gal](mailto:info@fundacionluisseoane.gal). Grazas . **Nº de conta:** Abanca ES64 2080 0008 31 3040016673

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais inscritos nesta actividade é a Fundación Luis Seoane, con enderezo na rúa San Francisco, 27, 15001, en A Coruña. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas da Fundación sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa por correo electrónico: [info@fundacionluisseoane.gal](mailto:info@fundacionluisseoane.gal)